

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SELECCIÓN DE DOUS (2) PEÓNS FORESTAIS PARA EXECUTAR O PROXECTO DENOMINADO "LIMPEZA E MANTEMENTO FORESTAL EN VILANOVA DE AROUSA".

Con data 9 de marzo de 2018 a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ditou resolución no expediente TR351G 2018/40-5 autorizando a este concello de Vilanova de Arousa á contratación anticipada de dous traballadores coa categoría profesional de "peóns forestais" para executar o proxecto denominado "LIMPEZA E MANTEMENTO FORESTAL EN VILANOVA DE AROUSA", ao abeiro do disposto na Orde da dita Consellería do 31 de decembro de 2017 (DOG nº 26, do 6 de febreiro de 2018) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o ercecicio 2018.

Dada a premura de tempo o proceso selectivo do dito persoal se convoca mediante resolución desta alcaldía que se comunica ao Comité de Empresa do concello.

Por todo isto, esta Alcaldía, conforme ás bases específicas sinaladas ao respecto no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural con data 28 de xuño de 2016 e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

ACORDA

PRIMEIRO.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO QUE SE CONVOCAN.-

Convocase proceso selectivo para a cobertura dos seguintes postos de traballo:

- Dous (2) postos de traballo coa categoría profesional de peóns forestais.
- Grupo de cotización á Seguridade Social: 10.
- Tempo de duración do contrato: 9 meses.
- Salario bruto mensual: 1.409, 48 €.
- Tipo de contrato: Contrato laboral temporal a tempo completo coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

SEGUNDO.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Os/a traballadores/as que sexan contratados/as deberán posuír os seguintes requisitos tanto o día en que se celebre a entrevista a que se refire o apartado cuarto da presente resolución, como no momento da formalización do contrato:

- Ser persoas desempregadas.
- Estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

- Estar dispoñibles para o emprego
- Estar en posesión do curso de prevención de riscos laborais.

Os traballadores e as traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados segundo dispón o artigo 14.2 da Orde do 31 de decembro de 2017.

TERCEIRO.- PREFERENCIA NA CONTRATACIÓN.-

De conformidade co disposto no artigo 14.5 da Orde do 31 de decembro de 2017, terán preferencia para ser seleccionados neste proceso, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- h) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de selección a posesión de experiencia laboral.

CUARTO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

O procedemento de selección desenvolverase do seguinte xeito:

O concello, a través da súa Orientadora Laboral, tramitará ante o Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar. En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá publicar esta Resolución na súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Recibida no concello o listado de aspirantes remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), se celebrará a entrevista ás persoas incluídas no dito listado. A citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

En dita entrevista os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

- DNI e citación do SPEG.
- Informe de vida laboral expedido polo INSS.
- Libro de Familia ou fotocopia compulsada do mesmo.
- No seu caso. Documento acreditativo de:
 - Da condición de muller vítima de violencia de xénero.
 - Discapacidade.
 - Pertencer a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

A entrevista se desenvolverá consonte as seguintes normas:

- Será persoal e versará exclusivamente sobre aspectos curriculares.
- A puntuación máxima será de 6,00 puntos.
- No acta da comisión de selección reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da mesma outorga aos aspirantes pola dita entrevista persoal.

Trala celebración da entrevista, a Comisión de Selección procederá a baremar aos aspirantes atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

- a) Antigüidade na situación de desemprego segundo o informe de vida laboral: 0,10 puntos por mes ate un máximo de 6,00 puntos.
- b) Cargas familiares.- Valoraranse ate un máximo de 2,00 puntos coa seguinte escala: Por cada fillo menor de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,50 puntos. O aspirante que non achegue o Libro de Familia ou a fotocopia compulsada do mesmo no acto da entrevista non será valorada por este apartado, así como da documentación acreditativa da condición de maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento:
- c) Ser maio de 45 anos: 1,00 punto.
- d) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero: 2,00 puntos.
- e) Posuír algunha discapacidade: 2,00 puntos.
- f) Pertencer a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 1,00 puntos.

A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na entrevista e na baremación.

Trala celebración da entrevista a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado. Nos casos de empate este dirimirase en función do maior tempo en situación de desemprego desde o último contrato de traballo e, de persistir o empate, se dirimirá ó chou.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearouisa.com
www.vilanovadearouisa.com

Tfños.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Unha vez asinada a resolución da alcaldía publicarase un anuncio polo presidente da comisión de selección coa identidade dos traballadores seleccionados que se inserirá no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.vilanovadearouisa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

QUINTO.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

Presidente: Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral do concello.

Secretario: David Vidal Paz, funcionario encargado da tramitación de subvencións concedidas por outras Administracións Públicas.

Vogais:

Alfonso Rodríguez Otero, traballador encargado do área de obras e servizos do concello.

Juan Luis Chazo Teijeiro, traballador do concello coa categoría de operario.


María José Cidón Conde, Orientadora Laboral do concello.

Calquera modificación da composición da comisión será obxecto dunha resolución da alcaldía.

Vilanova de Arousa a 31 de maio de 2018.

O ALCALDE

Gonzalo Durán Hermida



Javier Bouzada Romero